

DECRETO

ASUNTO: DECRETO DE ACTUALIZACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS APROBADA POR DECRETO 528/2025.

EXPEDIENTE: 2026/G003/000400

ANTECEDENTES:

Por medio de Resolución da Alcaldía de data 14.08.2025, Decreto núm. 528/2025, aprobouse a constitución dunha bolsa de traballo temporal para a cobertura transitoria de persoal funcionario interino, en postos de auxiliares administrativos deste concello.

Segundo o disposto nas bases que regulan o funcionamento desta bolsa de traballo temporal, publicadas no BOP núm.186, de data 26.09.2024, a actualización de dita bolsa (exclusións, baixas temporais e/ou altas), serán aprobadas por Resolución de Alcaldía.

Visto que con data 06.05.2026, realizouse un chamamento de auxiliar administrativo para o departamento de servizos sociais, a unha das persoas que figuran na referida listaxe, JAVIER FERNÁNDEZ LÓPEZ, que manifestou a súa renuncia ao posto ofertado, á bolsa de traballo temporal, e non presentou ningún tipo de xustificación de atoparse en algunha das causas admitidas polas bases reguladoras de funcionamento que permitirían o rexeitamento aos postos que se ofertaran por parte deste concello.

Á vista do anteriormente exposto, e de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; e demais normativa vixente en materia de persoal, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia de JAVIER FERNÁNDEZ LÓPEZ, ao posto ofertado con data 06.05.2026, de auxiliar administrativo para o Departamento de Servizos Sociais, e aprobar a súa baixa da bolsa de traballo temporal de auxiliares administrativos deste concello.

SEGUNDO.- Actualizar a listaxe de aspirantes da bolsa de traballo temporal, para postos de auxiliar administrativo do Concello de Brión, segundo o seguinte detalle:

- 1º SABORIDO PIÑEIRO, LIDIA.
- 2º RODRÍGUEZ SUÁREZ, SILVIA.
- 3º VILLARES BALSA, Mª DOLORES.
- 4º MEIZOSO MAZAS, SANDRA.
- 5º ASTRAY BARCA, MINIA.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación desta Resolución na páxina web do Concello de Brión.